

## Tema 1

O sistema educativo na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación: Características, estrutura e organización. A Educación primaria: obxectivos, organización, principios pedagóxicos e avaliación.

1. Características.
2. Estrutura e organización.
3. A Educación primaria: Obxectivos.
4. A Educación primaria: Organización.
5. A Educación primaria: Principios pedagóxicos e avaliación.

## ÍNDICE

- 0.- INTRODUCCIÓN.
- 1.- CARACTERÍSTICAS.
- 2.- ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN.
  - 2.1.- Estructura.
  - 2.2.- Organización.
    - 2.2.1.- Organización curricular.
    - 2.2.2.- Participación e goberno dos centros educativos.
- 3.- A EDUCACIÓN PRIMARIA: OBXECTIVOS.
- 4.- A EDUCACIÓN PRIMARIA: ORGANIZACIÓN.
- 5.- A EDUCACIÓN PRIMARIA: PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E AVALIACIÓN.
  - 5.1.- Principios pedagóxicos.
  - 5.2.- Avaliación.
- 6.- CONCLUSIÓN.
- 7.- BIBLIOGRAFÍA.

0.

## INTRODUCCIÓN

No desenvolvemento deste tema analízanse dous **referentes legislativos**:

- Por un lado a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (**LOE**), expoñendo as súas características, estrutura e organización, respondendo ao epígrafe legal do tema.
- Por outro lado, o **Decreto 130/2007**, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na comunidade autónoma de Galicia.

O Decreto 130/2007 está baseado en na LOE e no RD 1513/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da Educación Primaria a nivel nacional. Segundo se recolle no título I da LOE, no punto 3 do artigo 6 (capítulo III), dedicado ao **currículo**: "*Os contidos básicos das ensinanzas mínimas requirirán o 55 por cento dos horarios escolares para as Comunidades Autónomas que teñan lingua cooficial e o 65 por cento para aquelas que non a teñan*".

O principal obxectivo da educación en todos os niveis é a socialización da persoa. No preámbulo da LOE, reflíctese esta **función socializadora**: "*A educación é o medio máis axeitado para construír a personalidade dos nenos/as, desenvolver ao máximo as súas capacidades, conformar a súa propia identidade persoal e configurar a súa comprensión da realidade, integrando a dimensión cognoscitiva, a afectiva e a axiolóxica*".

Centrándonos na Educación Primaria, tanto na LOE (artigo 16), como no Decreto 130/2007 (artigo 2º), fórmulase que a **finalidade da Educación Primaria** é "*proporcionarlles a todos os nenos e nenas unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar, adquirir as habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura e ao cálculo, así como desenvolver habilidades sociais, os hábitos de traballo e estudo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade*".

1.

## CARACTERÍSTICAS

No preámbulo da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (**LOE**), recóllense os **principios fundamentais** que presiden esta lei:

- Educación de calidade a todos os cidadáns en todos os niveis do sistema educativo → Calidade e equidade.
- Necesidade de colaboración de todos os compoñentes da comunidade educativa para lograr o principio anterior → Esfuerzo compartido (alumnos/as, familias, profesorado, centros, administracións e sociedade).
- Compromiso cos obxectivos educativos formulados pola Unión Europea → Mellorar a calidade e eficacia do sistema educativo de toda Europa (formación docente, acceso xeneralizado á educación e apertura do sistema educativo ao mundo exterior).

Para conseguir que estes principios se convertan en realidade, hai que **actuar** en varias direccións complementarias:

- ◆ A formación concíbese como un proceso permanente, que se desenvolve durante toda a vida.
- ◆ Para permitir esta formación ao longo da vida e a transición da formación ao mundo laboral e viceversa, é preciso incrementar a flexibilidade do sistema educativo.
- ◆ Esta flexibilidade tamén implica a autonomía dos centros docentes, que lles permita adecuar a súa actuación ás circunstancias concretas e ás características do seu alumnado, co obxectivo de conseguir o éxito escolar de todos os estudantes.
- ◆ Equidade na educación. Establécese a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).
- ◆ Establecer procedementos de avaliación dos distintos ámbitos e axentes da actividade educativa: alumnado, profesorado, centros, currículo e Administracións.
- ◆ Recoñecemento social da función do profesorado.
- ◆ Cooperación territorial e entre Administracións.

2.

## ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN

### 2.1.- ESTRUCTURA DO SISTEMA EDUCATIVO.

O sistema educativo organízase en etapas, ciclos, graos, cursos e niveis de ensino, de forma que se asegure a transición entre estes e, de ser o caso, dentro de cada un deles. As **ensinanzas** que ofrece o sistema educativo son as seguintes:

- ❖ Educación infantil.
- ❖ Educación primaria.
- ❖ Educación secundaria obrigatoria.
- ❖ Bacharelato.
- ❖ Formación profesional.
- ❖ Ensinanzas de idiomas.
- ❖ Ensinanzas artísticas.
- ❖ Ensinanzas deportivas.
- ❖ Educación de persoas adultas.
- ❖ Ensino universitario.

O **ensino básico** é gratuíto e obrigatorio, comprende dez anos de escolarización e desenvólvese, de forma regular, entre os seis e os dezaseis anos de idade (Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria). Non obstante, os alumnos/as terán dereito a permanecer en réxime común cursando o ensino básico ata os dezaioito anos de idade, cumpridos no ano en que finalice o curso, nas condicións establecidas na LOE.

A LOE regula a aprendizaxe ao longo da vida. Todas as persoas deben ter a posibilidade de formarse durante a súa vida, dentro e fóra do sistema educativo, co fin de adquirir, actualizar, completar e ampliar as súas capacidades, coñecementos, habilidades, aptitudes e competencias para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

## 2.2.- ORGANIZACIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO.

A organización do sistema educativo establécese a través do currículo e da participación, autonomía e goberno dos centros educativos.

### 2.2.1.- Organización curricular

Segundo o artigo 6 da LOE, o **currículo** é o "*conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas*".

O noso sistema educativo opta por un **currículo básico**, que parte dunhas ensinanzas mínimas e adáptase á situación na que vai ser desenvolvido. É dicir, co fin de asegurar unha formación común, o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, competencias básicas, contidos e criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. As administracións educativas (comunidades autónomas) establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas nesta lei. Ademais os centros docentes desenvolverán e completarán o currículo das diferentes etapas e ciclos en uso da súa autonomía.

| <u>Concreción</u>                            | <u>Ámbito</u>          | <u>Aspectos a destacar</u>                   |
|--|------------------------|--|
| Currículo da Administración educativa.       | Comunidades Autónomas. | Decreto baseado no RD de Ensinanzas Mínimas. |
| Concreción curricular no Proxecto Educativo. | Centro/<br>Contorno.   | Concreción curricular da etapa/ciclo.        |
| Programación docente.                        | Grupo / Alumnado.      | Secuenciación das unidades didácticas.       |

A concreción curricular do centro establécese a través dos documentos do centro, do **Proxecto Educativo**, que incorporará (Artigo 121 da LOE):

- Valores, obxectivos e prioridades de actuación.
- Concreción dos currículos.
- Tratamento transversal da educación en valores.
- Atención á diversidade.
- Acción Titorial.
- Plan de convivencia.

Outros **documentos** que favorecen a organización dos centros, xa que teñen autonomía para elaboralos, aprobalos e executalos, son:

- ⇒ Normas de Organización e Funcionamento (NOF).
- ⇒ Proxecto de xestión económica.
- ⇒ Programación Xeral Anual.

### **2.2.2.- Participación e goberno dos centros educativos**

As Administracións educativas garantirán a participación da comunidade educativa na organización, o goberno, o funcionamento e a avaliación dos centros.

Os profesores/as participarán tamén na toma de decisións pedagóxicas que corresponden ao Claustro, aos órganos de coordinación docente e aos equipos de profesores que impartan clase no centro ou nos diferentes ciclos e áreas.

Os **órganos dos centros** organízanse en Órganos de goberno colexiados e Órganos de coordinación docente:

➤ **Órganos de goberno:**

- Unipersoais:
  - Director/a, xefe/a de estudos e secretario/a. Forman o equipo directivo.
- Colexiados:
  - Consello Escolar: Órgano de participación dos distintos membros da comunidade escolar.
  - Claustro de Profesores: Órgano propio de participación dos docentes no goberno do centro e que ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre os aspectos educativos do centro.

➤ **Órganos de coordinación docente:** Teñen o fin de potenciar a colaboración e o traballo en equipo dos docentes. A LOE non ten desenvolvido este aspecto, pero en Galicia organízanse en función do Regulamento Orgánico dos centros:

- Decreto 374/1996, que establece o Regulamento Orgánico dos Centros de Educación Infantil e de Educación Primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997, que establece a organización e o funcionamento da Educación Infantil e da Educación Primaria.

| <b>ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE</b>                  |
|---|
| Equipos de Ciclo (EI e EP).                             |
| Comisión de Coordinación Pedagóxica.                    |
| Equipo de Dinamización da Lingua Galega.                |
| Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares. |
| Departamento de Orientación.                            |

3.

### A EDUCACIÓN PRIMARIA: OBXECTIVOS

Os obxectivos da Educación Primaria serán (Artigo 3 do Decreto 130/07 e artigo 17 da LOE):

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudio, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.

- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar a flora y a fauna, en especial a presente na comunidade autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

## 4.

**A EDUCACIÓN PRIMARIA: ORGANIZACIÓN**

A Educación Primaria consta de tres ciclos de dous anos académicos cada un e organízase en **áreas**, que terán un carácter global e integrador. Son as seguintes:

- Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural.
- Educación Artística.
- Educación Física.
- Lengua Castellana y Literatura.
- Lingua Galega e Literatura.
- Lingua Estranxeira.
- Matemáticas.
- Educación para a Cidadanía.

Os obxectivos e os contidos das diferentes áreas que conforman a Educación Primaria establécense, para a comunidade autónoma de Galicia, no Anexo II do Decreto 130/2007.

A comprensión lectora, a expresión oral, a escritura, a comunicación audiovisual, as TIC e a educación en valores traballaranse en todas as áreas.

O tratamento nas distintas áreas da **educación en valores** incluírá a Educación moral e cívica, a Educación para a paz, a Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos, a Educación ambiental, a Educación sexual, a Educación para a saúde e calidade de vida, a Educación para o lecer, a Educación do consumidor e a Educación viaria.

Coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, os centros elaborarán e aplicarán un **Proxecto lector**, que se axustará ás liñas básicas que se inclúen no anexo IV do Decreto 130/07, asegurándose como mínimo media hora diaria.

Os centros docentes elaborarán e aplicarán, ademais, o **Plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación** (Plan TIC) que se axustará ás directrices que se publican no anexo V do Decreto 130/07.

Os centros docentes desenvolverán e concretarán o currículo establecido no Decreto 130/2007 a través da concreción curricular no Proxecto educativo, así como nas programacións docentes.

**A Educación Primaria será impartida por mestres/as**, que terán competencia docente en todas as áreas deste nivel. As ensinanzas da Música, da Educación Física e dos Idiomas Estranxeiros serán impartidos por mestres/as coa especialidade ou habilitación correspondente.

5.

## A EDUCACIÓN PRIMARIA: PRINCIPIOS PEDAGÓGICOS E AVALIACIÓN

### 5.1.- PRINCIPIOS PEDAGÓGICOS.

O mestre/a deberá partir das experiencias, dos problemas e dos intereses do alumnado para que as aprendizaxes se integren na súa vida cotiá, tanto no plano persoal coma no social. Para lograr este obxectivo, hai que ter en conta as seguintes **consideracións metodolóxicas**, atendendo ao Decreto 130/2007, entre outros documentos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado, do que xa sabe, dos seus coñecementos previos.
- Individualización, tendo en conta que todos somos diferentes, aprendemos con distintos ritmos e necesitamos diferentes axudas. Así, haberá unha axeitada atención á diversidade.
- Participación activa e dinámica, xa que a aprendizaxe é un proceso interactivo no cal fai falta a implicación dos nenos/as, nun ambiente de cooperación.
- Globalización, presentando os contidos de forma relacionada, posto que o pensamento dos nenos/as na etapa ten carácter global.
- Desenvolvemento en espiral: Os mesmos contidos e obxectivos repetiránse ao longo da etapa, cada vez con maior nivel de complexidade. Segundo ROSA M<sup>a</sup> PUJOL (2003), calquera aprendizaxe é parcial e o camiño cara a xeneralización conséguese a través do tempo, a partir de moitas experiencias. É por iso que os contidos traballados deben ser recorrentes na etapa, volvendo sobre estes con distintos niveis de complexidade en distintos momentos.
- Orde progresiva e lóxica nos contidos: Do coñecido ao descoñecido, do concreto ao abstracto, da realidade próxima no tempo e no espazo a outra máis distante...
- Motivación. Contemplanse contidos interesantes, próximos e útiles, para conseguir que o alumnado se sinta motivado. Seguindo a COLL (1987), "*a condición para aprender é querer*".
- É fundamental favorecer a autorregulación da propia aprendizaxe e programar actividades axuden ao alumnado a aprender a que aprender, potenciando así a súa autonomía persoal.
- Modificación de esquemas de coñecemento que se posúen: Segundo VYGOTSKY partir da realidade e os coñecementos do alumno/a (zona de desenvolvemento próximo) e levala un pouco máis alá, modificándoa coa aprendizaxe de novos coñecementos (zona de desenvolvemento potencial).

- **Utilización de estilos de ensino mediante a busca:** A aprendizaxe por descubrimento ten unha grande significatividade en Educación Primaria, xa que pretende que o alumnado crea nas súas posibilidades de movemento; debe descubrir o material por si mesmo/a, antes de incorporalo á súa estrutura cognitiva. Provócase un estado de disonancia cognitiva (FESTINGER); é dicir, hai un desequilibrio nos coñecementos anteriores, formulándose unha dúbida (conflito cognitivo) e buscando solucións. Así, se eliminan esas dúbidas e vólvese á situación de equilibrio ou consonancia cognitiva, conseguindo aprendizaxes significativas que sexan funcionais e transferibles a novas situacións.
- **Realización de traballos en grupo,** analizando diferentes temáticas. Así se favorece a socialización, tómase conciencia da pertenza a un grupo e foméntase a solidariedade, o compromiso e a responsabilidade social.
- **Utilización dos medios audiovisuais e das Tecnoloxías de la Información e a Comunicación (TIC)** que permiten adquirir aprendizaxes máis ricas e variadas.

## 5.2.- AVALIACIÓN.

A avaliación aparece formulada na LOE e, a nivel autonómico, no Decreto 130/2007 e na **Orde do 23 de novembro de 2007**, que regula a avaliación na Educación Primaria en Galicia. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será **continua, global, formativa e integradora** de todas as áreas (Decreto 130/2007 e Orde do 23 de novembro de 2007).

Como **aspectos de interese** da Orde de 23/11/07, destácanse:

- **Resultados:** Expresaranse nos seguintes termos: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaínte (SB).
- **Desenvolvemento:** O titor/a coordinará as sesións de avaliación. Haberá, como mínimo, tres por curso. Ao comezo de cada ciclo, o titor/a realizará unha avaliación inicial do alumno/a.
- **Promoción de ciclo:** Ao finalizar cada ciclo, o equipo docente decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión tomarase de xeito colexiado, aínda que primará o criterio do titor. O alumnado fará promoción ao ciclo seguinte sempre que alcanzase o desenvolvemento axeitado das competencias básicas e un axeitado grao de madurez, acorde coa súa idade. Accederase igualmente ao seguinte ciclo, cando as aprendizaxes non alcanzadas non supoñan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo ciclo. O alumnado que non cumpra as condicións anteriores, permanecerá un ano máis no mesmo ciclo. Esta medida só poderá ser adoptada unha vez en toda a etapa de Primaria e irá acompañada dun plan específico de reforzo e recuperación.

- **Promoción de etapa:** O alumnado fará promoción á ESO se alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas, os obxectivos de Educación Primaria e un axeitado grao de madureza. Tamén accederá se as aprendizaxes non alcanzadas non son un obstáculo para seguir satisfactoriamente na nova etapa.
- **Información ás familias:** Finalizada cada unha das sesións de avaliación, as familias serán informadas dos resultados.
- **Documentos de avaliación:**
  - **Actas de avaliación:** Ao final de cada un dos tres ciclos de la Educación Primaria elaborárase unha acta de avaliación, que comprenderá a relación nominal do alumnado de cada grupo, os resultados da súa avaliación e as medidas adoptadas (RE ou ACS). Recollen as decisións de promoción de ciclo (1º e 2º ciclos) e a proposta de acceso á ESO (3º ciclo).
  - **Expediente académico:** Incluirá os datos identificativos do centro, do alumno/a e a información relativa á súa escolarización. Constarán resultados académicos e medidas adoptadas (RE ou ACS).
  - **Historial académico de Educación Primaria:** É o documento oficial que reflicte os resultados das avaliacións e as decisións relativas ao progreso académico do alumno/a ao longo da etapa. Ten valor acreditativo dos estudos realizados.
  - **Informe persoal por traslado:** Elaborárase se o alumno/a se traslada a outro centro sen ter rematado o ciclo. Contará cos elementos seguintes: Resultados parciais da avaliación, constancia da aplicación (se é o caso) de medidas de reforzo ou calquera outra dentro da atención á diversidade, así como calquera información referente ao proceso educativo do alumno/a.
  - **Informe de avaliación final de ciclo:** O titor/a elaborará un informe individualizado de cada alumno/a que recollerá os aspectos máis relevantes sobre o proceso de aprendizaxe.
  - **Informe de avaliación final de etapa:** É similar ao anterior. Este informe achegarase ao historial académico da Educación Primaria para garantir a continuidade do proceso de formación no paso á Educación Secundaria Obrigatoria.
- **Avaliación dos procesos de ensino e da práctica docente:** As mestras e mestres avaliarán os procesos de ensino e a súa práctica docente. Esta avaliación incluirá, polo menos, os seguintes aspectos:
  - A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
  - As aprendizaxes conseguidas polo alumnado.
  - As medidas de atención á diversidade aplicadas.

- A programación e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado.
  - A coordinación entre os mestres/as do ciclo e entre os diferentes ciclos e do profesorado do terceiro ciclo co de Educación Secundaria.
- **Avaliación de diagnóstico:** De acordo co artigo 21 de la Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e co artigo 17 do Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na comunidade autónoma de Galicia, ao finalizar o segundo ciclo da Educación Primaria, todos os centros realizarán unha avaliación de diagnóstico con referencia ás competencias básicas alcanzadas polo alumnado. Esta avaliación, que non terá efectos académicos, terá carácter formativo e orientador para os centros e informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa.

En Galicia, a avaliación de diagnóstico está regulada pola Orde do 6 de outubro de 2010, pola que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na comunidade autónoma de Galicia. Nesta Orde, establécese que:

- A información que se obteña destas probas será tida en conta polos centros para organizar as medidas necesarias para mellorar a atención do alumnado. Así mesmo, será tida en conta, xunto cos demais datos obtidos na avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe, para analizar, valorar e reorientar, se procede, as actuacións encamiñadas ao desenvolvemento do currículo da etapa.
- A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa determinará en cada curso escolar cáles serán as competencias básicas obxecto de avaliación.
- Como consecuencia da avaliación de diagnóstico, os centros, a través dos seus órganos colexiados de goberno, realizarán unha reflexión interna tras a cal se establecerán as accións de mellora pertinentes, que serán incorporadas á súa programación xeral anual.

## 6.

## CONCLUSIÓN

7.

**BIBLIOGRAFÍA**

- ANTÚNEZ, S. (2005). *Del Proyecto Educativo a la Programación de aula*. Barcelona: Graó.
- ARÁNEGA, S. (2001). *La Educación Primaria. Retos, dilemas y propuestas*. Barcelona: Graó.
- ESCAMILA, A.; LLANOS, E. (1995). *La evaluación del proceso de aprendizaje y de enseñanza en el aula*. Madrid: Luis Vives.
- QUINTANAL DÍAZ, J.; GÓMEZ, E. (2009). *Educación Primaria: orientaciones y recursos metodológicos para una enseñanza de calidad*.
- ZABALA, A. (1995). *La práctica educativa. Como enseñar*. Barcelona: Graó.

**LEXISLACIÓN.**

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).
- RD 1513/2006, do 7 de decembro, que establece as ensinanzas mínimas de Educación Primaria.
- D. 130/2007, do 28 de xuño, que establece o currículo de Educación Primaria en Galicia.
- Orde do 23 de novembro de 2007, pola que se regula a avaliación de la Educación Primaria na comunidade autónoma de Galicia.